



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA PARA O MANTEMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO E ATENCIÓN DE NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS E SANITARIAS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN CARACAS (VENEZUELA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Venezuela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para articular o financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Información da Hermandad Gallega de Venezuela situada na súa propia sede, e contribuír á atención do colectivo de emigrantes galegos, residentes en Caracas ou na súa área xeográfica que se atopen en situación de necesidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

En Venezuela reside unha gran colonia de persoas de orixe galega, que ascendía a 43.975 o 1 de xaneiro de 2017 segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, dato que sitúa a este país como o terceiro no estranxeiro onde máis galegos residen na actualidade. A situación social, política e económica pola que está atravesando repercute negativamente no conxunto da sociedade da que non se libran os galegos que





alí viven, que están abocados a unha a situación de carencia ou sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

Ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Venezuela o 3 de abril de 2007, creouse unha oficina de información e asesoramento que está en funcionamento desde aquela data ata 2017, inclusive, a través da que se está a desenvolver unha labor de difusión, asesoramento, información e colaborar na xestión das solicitudes dos programas e actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración cun incremento moi importante da actividade debido a situación que está vivindo o país.

Por outra banda está a desenvolver unha importante política social, asistencial e sanitaria orientada a facer efectiva a cobertura médica básica de persoas con escasos recursos e que se atopan en situación de necesidade pertencentes á colectividade galega, tendo en conta que un gran número de persoas deste colectivo non dispón da pensión económica de ancianidade que concede o Estado español, e os seus recursos non posibilitan a cobertura de tales necesidades. A propia entidade dispón de servizos básicos de asistencia social, de ambulatorio médico e atención sanitaria básica.

É interese de ambas partes manter e reforzar a súa colaboración tanto na prestación dos servizos de información, asesoramento e xestión que esta oficina facilita a todos os integrantes da comunidade galega residente en Venezuela en todos os programas e as actividades que desenvolve a Secretaría Xeral da emigración, exercendo ao mesmo tempo unha labor de coordinación cos distintos puntos de información establecidos ao longo de todo o país, así como no mantemento da labor social, asistencial e sanitaria orientada aos residentes galegos que se atopan en situación de necesidade.





A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará cincuenta mil euros (50.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de febreiro de 2018.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

Praza de Mazarelos,15
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 878. Fax 981 547 296
<http://emigracion.xunta.gal>

galicia

